



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

##### Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2026.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2026.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
ASOC DEPORTIVA CULTURAL LUGO SALA	G27456623	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	60.000,00 €	Presidencia
ASOC PRESTADORA DE SERVICIOS A XUVENTUDE SAGRADO CORAZÓN	G27118934	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN LUGO É BASKET	3410.48900	4.000,00 €	Presidencia
CLUB NATACIÓN PORTAMIÑA LUGO	G27268531	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	17.000,00 €	Presidencia
CLUB ATLETISMO LUCUS	G27033836	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA FEMENINO	3410.48900	9.000,00 €	Presidencia
CLUB BALONCESTO BURELA	G27164680	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	7.000,00 €	Presidencia
CLUB BOLOS XOVE. N.º. REX.-C-09566	G27371988	Nominativa	LIGA NORTE DE BOLOS	3410.48900	5.000,00 €	Presidencia
CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO	G27242825	Nominativa	MARATHON CYCLING ANCARES	3410.48900	60.000,00 €	Presidencia
CLUB FLUVIAL DE LUGO	G27008549	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA PARA A SECCIÓNS DEPORTIVAS DE TENIS, NATACIÓN, ATLETISMO, DEPORTE DE ORIENTACIÓN E PIRAGÜISMO	3410.48900	15.000,00 €	Presidencia
CLUB TRIATLON CIDADE DE LUGO FLUVIAL	G27139013	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
CLUB BALONCESTO SARRIA	G27040955	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	20.000,00 €	Presidencia
CLUB DE LOITAS OLIMPICAS VILALBA	G27213131	Nominativa	APOIO AO ALTO RENDEMENTO	3410.48900	8.000,00 €	Presidencia
CLUB-ESCUADERIA A PONTENOVA	G27412840	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA Á PONTENOVA	3410.48900	7.000,00 €	Presidencia
FUNDACION IMPULSO O DEPORTE CULTURA E TURISMO DA MARIÑA	G27404219	Nominativa	GASTOS DE FUNCIONAMENTO	3410.48900	25.000,00 €	Presidencia

SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MILAGROSA	G27152131	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA SECCIÓN FEMININA	3410.48900	10.000,00 €	Presidencia
FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA	G15103500	Nominativa	COPA DEPUTACIÓN DE ATLETISMO	3410.48900	11.000,00 €	Presidencia
RIBADEO FÚTBOL CLUB	G27133818	Nominativa	TROFEO ENMA CUERVO	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia
ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	G27324284	Nominativa	COPA DEPUTACIÓN BALONCESTO	3410.48900	20.000,00 €	Presidencia
CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA	G27342005	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410.48900	20.000,00 €	Presidencia
CLUB ATLETISMO LUCUS	G27033836	Nominativa	ORGANIZACIÓN "ATLETISMO NA RÚA"	3410.48900	6.000,00 €	Presidencia
SOCIEDAD DEPORTIVA SARRIANA	G27139443	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	80.000,00 €	Presidencia
CLUB PELUQUERIA MIXTA DE FRIOL	G27170638	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	45.000,00 €	Presidencia
CLUB FUTBOL SALA FEMENINO CASTRO	G27451020	Nominativa	GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	70.000,00 €	Presidencia
PERFECCIONAMIENTO Y TÉCNICA DE CONDUCCIÓN, SL	B15724685	Nominativa	VOLANTE DEPUTACIÓN	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
CLUB POLIDEPORTIVO PROMOVE LUGO	G10524247	Nominativa	GALAS PREMIOS LIDER BASE LUCENSE FÚTBOL E BALONCESTO	3410.48900	33.000,00 €	Presidencia
ASOC CULTURAL E DEPORTIVA FORTALEZA SPORT	G09896580	Nominativa	RUTA BTT	3410.48900	5.000,00 €	Presidencia
A.D. AUGAS SANTAS BARREIROS	G16847683	Nominativa	RUTA BTT AUGAS SANTAS	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia
ASOC DE VECIÑOS DA FERRERIA	G27491703	Nominativa	TRAIL DOS MUIÑOS	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia
CLUB BALONCESTO VIVEIRO Nº REXISTRO C 09069	G27349125	Nominativa	GASTOS TEMPADA	3410.48900	7.000,00 €	Presidencia
CLUB DEPORTIVO DEZ PORTAS LUGO	G27346436	Nominativa	GASTOS DA ANUALIDADE	3410.48900	8.000,00 €	Presidencia
FUNDACIÓN BREGÁN	G27442599	Nominativa	GASTOS DE FUNCIONAMENTO	3410.48900	10.000,00 €	Presidencia
CLUB CICLISTA VIVEIRO	G27035492	Nominativa	ADQUISICIÓN VEHICULO	3410.789	18.000,00 €	Presidencia
CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO	G27242825	Excepcional	VACALOURA GRAVEL 2026	3410.48911	10.000,00 €	Presidencia

Lugo, 30 de xuño de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1752

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 25/06/2026 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **3º bimestre do 2026**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/07/2026 e 31/08/2026 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/07/2026. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 25 de xuño de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1753

## BECERREÁ

### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 29/06/2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/09/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1754

## O CORGO

### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 18 de xuño de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 4/2026, de suplementos de crédito, por un importe total de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 19 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1755

## GUNTÍN

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO: 1 PEÓN LIMPEZA. PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025**

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 01.07.2026 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 01.07.2026 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE PEÓN LIMPEZA**.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por circunstancias da produción.
- Duración: dende a resolución do proceso selectivo ata o 31.10.2026 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.424,5
- € mes incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de limpeza segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- páxina web: [www.guntin.es](http://www.guntin.es)
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 1770

## LÁNCARA

### *Anuncio*

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona ABTG e don LAJG.

O día 14.05.2026 a Encargada da Oficina do Rexistro civil de Sarria autorizou a delegación para que o alcalde do concello de Lánacara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar na concelleira dona Emilia Fernández Seijo a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona ABTG e don LAJG o día 18.08.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que a concelleira actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución á concelleira delegada e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro. Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 30 de xuño de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1756

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño do 2026, adoptou entre outros o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a disolución do organismo autónomo denominado Instituto Municipal de Drogodependencia do Concello de Monforte de Lemos (IMD) con efectos de 30 de xuño de 2026, logo de ser traspasada a súa actividade ao Sergas da Xunta de Galicia, con efectos do 1 de xaneiro de 2026.

Segundo.- Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Terceiro.- Efectuar a liquidación final e consecuentemente a extinción do IMD, segundo o balance de liquidación a 30 de xuño de 2026, coa sucesión universal no Concello de Monforte de Lemos, asumindo os bens, dereitos e obrigas do organismo autónomo extinguido, producindo a consolidación contable entre Concello e organismo autónomo.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para adopción dos acordos necesarios en aras dunha mellor execución do acordado.

Monforte de Lemos, 1 de xullo de 2026.- A primeira tenente alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1771

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

Resolución da Alcaldía-Presidencia Decreto 2026-0812 de data 01-06-2026 pola que foi nomeado **Hugo García Presno**, con DNI \*\*\*\*\*72D como **Director da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo**.

Este traballador xa viña desempeñando as funcións de Xefe de Estudos na EMMed de Ribadeo desde fai anos. Resulta necesario facer público o presente para adaptarse ás propias normas de réxime interno do Concello de Ribadeo e para outorgar publicidade ao mesmo.

Ribadeo, 26 de xuño de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1757

---

## MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN CONTA XERAL 2025**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas extraordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2026, exponse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2025, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 30 de xuño de 2026.- A presidenta, Rocío López García.

R. 1772

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026**

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontre exposto ó público na secretaría e na sede electrónica da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense (<https://mancomunidademarinalucense.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2026 aprobado inicialmente polo Pleno da Mancomunidade do 29 de xuño de 2026.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 30 de xuño de 2026.- A presidenta, Rocío López García.

R. 1773

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LUGO***Anuncio*

BASES REGULADORAS XXVI EDICIÓN DO CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2026

BDNS (Identif.): 916214

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/916214>)

Con motivo da celebración do Certame de Pintura Rápida ao aire libre do ano 2026, a Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude do Concello de Lugo convoca o Certame de Pintura Rápida ao aire libre, que terá lugar o domingo 12 de xullo de 2026 no que poderán participar todas as persoas que o desexen que teñan 18 anos ou máis e no que cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra.

Establécense os seguintes premios segundo as categorías: 1º premio: 1.600,00€, 2º premio: 1.100,00€, 3º premio: 900,00€, 5 premios de 300,00€, premio especial de artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 45 €

As inscricións realizaranse o propio día do certame (domingo día 12 de xullo) entre as 9:00h e as 11:00h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Praza Maior 1), momento no que terá lugar o selado dos soportes, que non superarán as dimensións máximas de 100 x 100 cm.

Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo entre as 16:00h e as 17:00h horas na praza Maior. O ditame do xurado, conforme os criterios establecidos nas bases, terá lugar ás 18:00 horas.

Lugo, 30 de xuño de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude, Javier Vázquez Prado.

R. 1758